



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-6

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

22 de Xuño de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:31

Hora de Finalización

10:18

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 17.06.2023 (ACTA 5/2023)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asitentes á devandita sesión.

2º. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIONS XERAIS DO 23.07.2023.

Acto seguido procedeuse a dar cumprimento ó que se indica no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e, cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, este Concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas sinaladas a continuación:

Distrito	Sección	Mesa	
1	1	A	COLEXIO PÚBLICO DE CASTRELO DO VAL RUA TOURAL (O) 7 CASTRELO DO VAL (SANTA MARIA)
PRESIDENTE/A			MARIA JOSE RIVERA RUGGERI
1º VOCAL			SONIA GUERRA GARCIA
2º VOCAL			ANTIA SANTAMARINA ANES
PRESIDENTE/A - 1º Suplente			AMALIA CARRERA DIEGUEZ
PRESIDENTE/A - 2º Suplente			ALVARO ALONSO SALGADO





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

1º VOCAL - 1º Suplente	UXIA GUERRA DOSANTOS		
1º VOCAL - 2º Suplente	MARIA ANGELA ARAGON DE RODRIGUEZ		
2º VOCAL - 1º Suplente	JOSE SALGADO GUERRA		
2º VOCAL - 2º Suplente	MIGUEL LUIS SALGADO PAZOS		
Distrito 1	Sección 1	Mesa B	TELECLUBE DE CASTRELO DO VAL RUA TOURAL (O) 13 CASTRELO DO VAL (SANTA MARIA)
PRESIDENTE/A	JUDIT PEDROSA PEREZ		
1º VOCAL	JOSE CARLOS RODRIGUEZ PEREZ		
2º VOCAL	AMALIA MARTINEZ BARJA		
PRESIDENTE/A - 1º Suplente	ÁLVARO LÓPEZ FERNÁNDEZ		
PRESIDENTE/A - 2º Suplente	MARÍA CASILDA ROLÁN MARTÍNEZ		
1º VOCAL - 1º Suplente	MARIA LUISA BASALO GONZALEZ		
1º VOCAL - 2º Suplente	SEVERINO SANTAMARINA JUSTO		
2º VOCAL - 1º Suplente	VICENTE VAZQUEZ BASALO		
2º VOCAL - 2º Suplente	JUAN ANTONIO GOMEZ GRAÑA		
Distrito 1	Sección 1	Mesa C	CENTRO SOCIAL DE CAMPOBECERROS RUA CARDENAL QUIROGA 10 CAMPOBECERROS
PRESIDENTE/A	GLADIS ALVAREZ GONZALEZ		
1º VOCAL	AMADEO ROLAN BLANCO		
2º VOCAL	JOSE ANTONIO CASTRO PRIETO		
PRESIDENTE/A - 1º Suplente	JUAN CARLOS ALONSO FERRERO		
PRESIDENTE/A - 2º Suplente	LUIS MIGUEL LOPEZ NUÑEZ		
1º VOCAL - 1º Suplente	JUAN ANTONIO VAZQUEZ BLANCO		
1º VOCAL - 2º Suplente	MARIA ISABEL LOPEZ NUÑEZ		
2º VOCAL - 1º Suplente	MARIA JOSE COSTA GARCIA		
2º VOCAL - 2º Suplente	FELISINDO CASTRO CASTRO		

3º. DAR CONTA DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS QUE SE CONSTITUIRON.

O Sr. Secretario díu lectura a dous escritos presentados no Rexistro Xeral da Corporación, polos que, segundo o que se dispón nos artigos 23 e 24 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, constitúense os seguintes Grupos Políticos Municipais:

- **Grupo Político Municipal do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE)**; ao que se adscriben os concelleiros **Vicente Gómez García**, M^a del





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Mar Valle Álvarez, Lucía Gil Cid, José Ramón López Pérez e Daniel de Dios Manso

Voceira: M^a del Mar Valle Álvarez. e suplente, Lucía Gil Cid.

- **Grupo Político Municipal do Partido Popular (P.P.);** ao que se asdscriben os concelleiros María **Carmen Manso** Rodríguez e **Emilio Fernández** Parada.

Voceira: María **Carmen Manso** Rodríguez e suplente, **Emilio Fernández** Parada.

Os presentes quedan enterados.

4º. DETERMINACION DA PERIODICIDADE DAS SESIONS ORDINARIAS DO PLENO.

Pola Presidencia e dando cumprimento ó disposto no art. **38 a)** do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais (no sucesivo, **ROF**), e de conformidade co disposto no art. 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (no sucesivo, **LALG**), e art. 46-2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (no sucesivo, **LRBRL**), coa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, **proponse** ó Pleno que a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno sexa **cada tres meses:**

Os **primeiros xoves** dos meses de **marzo, xuño, setembro e decembro**, ás **10:00 horas**. No caso de que o día predeterminado resultase ser festivo, a sesión ordinaria celebrarase o día hábil inmediatamente anterior.

Sometida a proposta a votación, é aprobada por **unanimidade** dos sete membros que legalmente o forman (5 PSdeG-PSOE e 2 PP)

5º. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACION EN ORGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.

Para dar cumprimento ó disposto no artigo **38 c)** do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, e disposicións concordantes, a Alcaldía **propón** nomear as seguintes persoas para representar ao Concello nos órganos colexiados que se sinalan:

- Na **Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín:**

D. Vicente Gómez García (membro nato)

Dña. M^a del Mar Valle Álvarez

- No **Padroado da Fundación para a protección dos discapacitados psíquicos da Comarca de Verín:**

D. Vicente Gómez García

- No GDR 9 **Asociación Monteval** (LEADER 2014-2020):

D. Vicente Gómez García.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- Na **Comisión de seguimento do Convenio coa Dirección Xeral do Catastro**:
D. Vicente Gómez García e D. Santiago de Lorenzo Taboada, Secretario da Corporación
- Na **Federación Nacional de asociacións e municipios con centrais hidroeléctricas**
D. Vicente Gómez García, ou Concelleiro no que delegue
- Na **Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)**
D. Vicente Gómez García. Alcalde, ou Concelleiro no que delegue
- Na **Federación Galega de Municipios (FEGAMP)**
D. Vicente Gómez García. Alcalde, ou Concelleiro no que delegue
- No **Consello Escolar do CEIP "Raúl Fernández"** de Castrelo do Val:
Dña María del Mar Valle Álvarez

Non se producíronse intervencións.

A proposta apróbase por cinco votos a favor do **PSdeG-PSOE**, ningún en contra e dúas abstencións do **PP**.

6º. CREACION E COMPOSICION DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS.

Ó abeiro do disposto no art. **38 b)** do **ROF** e de conformidade co disposto no art. 124.1 do devandito Regulamento, pola Presidencia ponse de manifesto que de conformidade cos arts. 116 da **LRBRL**; 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais (no sucesivo, **TRLRFL**); 66 da **LALG** e 127 do **ROF** é de **existencia preceptiva a devandita Comisión Especial de Contas** e por conseguinte é necesario acordar a súa creación así como a composición da mesma.

Pola Presidencia díxose conta da seguinte proposta:

"Para dar cumprimento ó disposto no artigo 38 b) do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, proponse:

PRIMEIRO. A creación da Comisión especial de contas. A esta Comisión corresponderalle exclusivamente o dictame do artigo 67.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

SEGUNDO. Dada a composición do Pleno: **cinco** concelleiros do **PSdeG-PSOE**; e **dous** concelleiros do **PP**, o número de integrantes será de tres.

- 2 PSdeG-PSOE (Incluído o Presidente)
- 1 PP

TERCEIRO. A presidencia da Comisión será exercida polo Alcalde."





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Tralo que, por **unanimidade**, dos sete membros que legalmente forman o Pleno (5 PSdeG-PSOE e 2 PP); acórdase a creación da Comisión especial de contas que se propón.

Por Secretaría maniféstase que procede a adscrición á devandita Comisión de dous concelleiros (incluído o Sr. Alcalde) do Grupo municipal do PSdeG-PSOE; e un concelleiro do grupo municipal do PP.

Os voceiros dos grupos adscriben neste acto ós seguintes concelleiros á devandita Comisión:

Polo Grupo municipal do **PSdeG-PSOE**:

Srs. **Vicente Gómez** García e **Lucía Gil** Cid, suplente María del **Mar Valle** Álvarez

Polo Grupo municipal do **PP**:

Sra. María **Carmen Manso** Rodríguez, suplente **Emilio Fernández** Parada

Presidente: O Sr. Alcalde, Vicente Gómez García

7º. MOCION DA ALCALDIA SOBRE A CONVENIENCIA DA CREACION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde díu lectura á seguinte **Moción**:

"En consideración ó que se dispón no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 59.2 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, que permiten, previo acordo plenario, a creación da Xunta de Goberno Local; e, crendo que a súa existencia melloraría o funcionamento do Concello e o servizo ós veciños, propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

A creación da Xunta de Goberno Local deste Concello. A súa constitución, composición e competencias, axustarase ás disposicións legais vixentes. "

Tralo que o Pleno, por **cinco** votos a **favor** do **PSdeG-PSOE**, ningún en contra e **dúas abstencións** do **PP**, **ACORDA** a creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Castrelo do Val. A súa constitución, composición e competencias, axustarase ás disposicións legais vixentes.

8º. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIONES DA ALCALDIA EN CONCELEIROS E NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Pola Secretaría díuse lectura ás seguintes resolucións, recollidas en extracto:

- De data 19 de xuño de 2023, de nomeamento de tenentes de alcalde.

"En virtude das facultades que me confiren o artigo 46.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro; así como o artigo 61.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Galicia, dicto a presente resolución, nomeando ós seguintes Concelleiros para os cargos que de seguido se expresan:

Dna. María del **Mar Valle** Álvarez: Primeira Tenente de Alcalde.

Dna. **Lucía Gil** Cid: Segunda Tenente de Alcalde.

D. José **Ramón López** Pérez: Terceiro Tenente de Alcalde.

Notifíquese e publíquese en legal forma, e dese conta ó Pleno na súa primeira sesión".

- De data 19 de xuño de 2023, de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.

"En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente na materia, **RESOLVO:**

Nomear ós Concelleiros Dna. María del **Mar Valle** Álvarez, Dna. **Lucía Gil** Cid e D. José **Ramón López** Pérez **membros da Xunta de Goberno Local**, no caso de que o Pleno do Concello acorde a creación deste órgano colexiado"

- De data 19 de xuño de 2023, de delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

"En exercicio das atribucións que lle corresponden, segundo a normativa vixente de aplicación ó réxime local, **RESOLVO:**

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

PRIMEIRO: A aprobación das Certificacións de obra, facturas así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro, ou no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas todas elas dos expedientes de contratación cando a competencia está atribuída a Alcaldía. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución, cando sea competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.

SEGUNDO: A aprobación dos padróns de contribuintes e listas cobratorias, así como as resolucións de reclamacións de altas e baixas.

TERCEIRO: A resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos por calquera concepto e o recoñecemento de beneficios fiscais, incluída a resolución de recursos que se interpoñan.

CUARTO: As demais que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asigne ao Municipio e non atribúan a outros órganos municipais, sempre que a Alcaldía as someta o exame, deliberación e decisión da Xunta de Goberno Local, mediante a súa inclusión na Orde do día da respectiva sesión.

QUINTO: Nos acordos que se adopten por Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e entenderáanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos. Non obstante, esta Alcaldía reservase a posibilidade de avocar en calquera comentario a competencia delegada, conforme ó establecido nos artigos 116 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), en relación co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público. Esta delegación non quedará revocada polo mero feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición da Xunta de





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Goberno Local. A revogación ou modificación da delegación deberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

SEXTO: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF, salvo no relativo ó recurso de reposición, que será resolto polo órgano delegado.

Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación para o seu coñecemento, e publicar, no seu caso, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Declarar que a presente resolución surtirá efectos dende o día seguinte ó que o Pleno da Corporación, adopte no seu caso, o acordo de existencia e formación da Xunta de Goberno Local.

- De data 19 de xuño de 2023, de delegacións da alcaldía en concellerías:

"O equipo de goberno do concello, xurdido das pasadas eleccións locais pretende que a organización dos distintos servizos municipais se estructure baixo os principios de máxima eficiencia, economía de medios e desconcentración administrativa.

Baixo tales premisas e en aras dunha mellora da calidade dos servizos que se prestan aos veciños, esta Alcaldía considera que os seguintes servizos:

1. Igualdade e Servizos Sociáis.
2. Parques e xardíns e deportes.
3. Cultura, turismo e festexos.
4. Medio ambiente.

precisan dunha dirección desconcentrada encabezada por un dos concelleiros do grupo de goberno.

Atribuindo deste xeito a distintas concellerías a responsabilidade sobre unha área concreta dos servizos municipais conseguiremos unha administración obxectivamente máis eficiente ao repartir a dirección das diferentes áreas entre os membros do goberno municipal.

Considero pois conveniente proceder ao establecemento dun réxime de delegación de competencias de carácter xeral a favor de diferentes concelleiros e concelleiras, para dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal; todo elo en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo LRBRL)

De acordo con dita lexislación, **esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións** nos membros da Xunta de Goberno Local; sen prexuízo incluso das delegacións especiais para encargos específicos a favor de calqueira outro concelleiro aínda que non forme parte da Xunta de Goberno Local.

Por todo o anterior esta Alcaldía no uso das súas atribucións legais, **RESOLVE:**

PRIMEIRO. Efectuar a favor de Dna. **María del Mar Valle Álvarez** unha delegación específica no **servizo-área de Igualdade e Servizos Sociáis.**

SEGUNDO. Efectuar a favor de Dna. **Lucía Gil Cid** unha delegación específica no **servizo-área de Parques e xardíns e deportes.**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Efectuar a favor de D. **José Ramón López Pérez** unha delegación específica no **servizo-área de Cultura, turismo e festexos.**

CUARTO. Efectuar a favor de D. **Daniel de Dios Manso** unha delegación específica no **servizo-área de Medio ambiente.**

QUINTO. Estas delegacións comportarán a facultade de **dirección da área** correspondente. A delegación, acordada conleva a **realización de propostas** concretas para levar a cabo a xestión das actividades e asuntos da área, sen prexuízo de que, en todo caso, a facultade resolutoria e de adopción de actos administrativos corresponderá sempre ao órgano da Corporación competente (Alcalde, Pleno ou Xunta de Goberno local); Corresponderá ao concelleiro delegado a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das atribucións que lle correspondan que teñan que ver coas actividades que desenvolva a área que se dixo, así como a dirección do servizo correspondente e a súa xestión.

SEXTO. Da presente resolución **darase conta ao pleno** na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao artigo 38 do ROF **notificándoselle aos interesados**, para os efectos do artigo 114 do ROF, que esixe, para a eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado; entendéndose tácitamente aceptada se no termo dos tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, e **publicarase no BOP da Provincia** sen prexuízo da súa efectividade, dende o día seguinte ao da presente resolución até a extinción do mandato da actual corporación ou de que se revoque por outra posterior.

Notifíquese e publíquese en legal forma, e dese conta ó Pleno na súa primeira sesión.

Os presentes quedan enterados.

9º. DELEGACIONES DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde díu lectura á seguinte proposta de acordo:

"Delegar na Xunta de Goberno Local o seguinte:

- O establecemento ou modificación dos **prezos públicos**, de conformidade có disposto no artigo 41 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; competencia delegable segundo o Art. 47 da mesma norma e o Art. 22.4 da LRBRL
- O exercicio das **accións xudiciais e administrativas, e a defensa da Corporación** en materia de competencias plenarias (Art. 22.2.j) da LRBRL).
- A concertación das **operacións de tesourería**, cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cen dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. (Art. 22.2 m) da LRBRL)
- A aprobación dos **proxectos de obras e servizos** cando sexa competente para a súa contratación e concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos (Art. 22.2.ñ)





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

da LRBRL)

- A **solicitud, aceptación e xustificación de subvencións** do Estado, a Xunta e da Deputación, das que a súa normativa atribúa ó Pleno esta competencia.

AMBITO TEMPORAL DA DELEGACION:

Desde o día seguinte ó da adopción do acordo polo Pleno, sen prexuízo da súa publicación no BOP, de conformidade co artigo 51.2 do ROF, ata a extinción do mandato da actual Corporación ou ata que se revogue expresamente polo Pleno.

FACULTADES QUE SE DELEGAN:

A adopción de cantos actos administrativos sexan precisos para a tramitación e resolución dos procedementos en relación coas atribucións que se delegaron incluíndo a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra ditos actos."

Motiva a proposta de acordo en estrictos motivos de operatividade e funcionalidade.

Tralo que o Pleno, por cinco votos a favor (PSdeG-PSOE), ningún en contra e dúas abstencións (PP), **ACORDA:**

Delegar na Xunta de Goberno Local o seguinte:

- O establecemento ou modificación dos **prezos públicos**, de conformidade có disposto no artigo 41 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; competencia delegable segundo o Art. 47 da mesma norma e o Art. 22.4 da LRBRL

- O exercicio das **accións xudiciais e administrativas, e a defensa da Corporación** en materia de competencias plenarias (Art. 22.2.j) da LRBRL).

- A concertación das **operacións de tesourería**, cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cen dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. (Art. 22.2 m) da LRBRL)

- A aprobación dos **proxectos de obras e servizos** cando sexa competente para a súa contratación e concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos (Art. 22.2.ñ) da LRBRL)

- A **solicitud, aceptación e xustificación de subvencións** do Estado, a Xunta e da Deputación, das que a súa normativa atribúa ó Pleno esta competencia.

AMBITO TEMPORAL DA DELEGACION:

Desde o día seguinte ó da adopción do acordo polo Pleno, sen prexuízo da súa publicación no BOP, de conformidade co artigo 51.2 do ROF, ata a extinción do mandato da actual Corporación ou ata que se revogue expresamente polo Pleno.

FACULTADES QUE SE DELEGAN:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

A adopción de cantos actos administrativos sexan precisos para a tramitación e resolución dos procedementos en relación coas atribucións que se delegaron incluíndo a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra ditos actos.

10º. ADICACION PARCIAL DA CONCELLEIRA DNA. MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ. ACORDO QUE PROCEDA.

Iniciouse o tratamento deste punto da orde do día, dando conta o Secretario-Interventor do seguinte contido do expediente que se tramitou:

Providencia de Alcaldía, de inicio do expediente de recoñecemento de dedicación parcial a membro da Corporación; Informe de Secretaría sobre aexislación aplicable e o procedemento a seguir; Memoria-proposta da Alcaldía, e informe de Secretaría acerca da adecuación á legalidade da proposta e do procedemento que se tramitou; Informe de Intervención, sobre a existencia de consignación suficiente e axeitada no orzamento municipal vixente para atender ás retribucións do cargo proposto

A seguir, o Sr. Alcalde díu conta da proposta de acordo a adoptar que en realidade -explica-refírese ao posto de Primeiro Tenente de Alcalde, entendido como cargo non referido a persoa que o desempeña, tal como se fixo figurar na orde do día. Tralo que, logo de ver o expediente que se tramitou, e:

Ao ter en consideración que por **Providencia** de Alcaldía, iniciouse o expediente de recoñecemento de dedicación parcial a membro da Corporación.

Ao ter en consideración que emitíuse **informe de Secretaría** sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Ao ter en consideración que a Alcaldía elaborou unha **memoria-proposta** respecto do asunto.

Ao ter en consideración que emitíuse **informe por Intervención** acerca da existencia de consignación suficiente e axeitada no Orzamento municipal vixente para atender ás retribucións do cargo proposto.

Ao ter en consideración que emitíuse **informe-proposta de resolución** por Secretaría acerca da adecuación á legalidade da proposta e do procedemento que se tramitou

Sométese o asunto a votación e, o Pleno, por 5 votos a favor (PSdeG-PSOE), ningún en contra e 2 abstencións (PP), dos sete membros que legalmente o forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Determinar que o **cargo de Primeiro Tenente de Alcalde** realice as súas funcións en réxime de **dedicación parcial** polos motivos recollidos na providencia de inicio do expediente.

SEGUNDO. Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde en réxime de **dedicación parcial**, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dalo de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

O cargo de Primeiro Tenente de Alcalde, percibirá unha **retribución anual bruta de 11.340,00 euros** (correspondentes ao 75% do SMI) e conlevará unha presenza efectiva mínima en dependencias municipais de 30 horas semanais, de luns a venres

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

CUARTO. Notificar o devandito Acordo ao interesado e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

11º. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS E INDEMNIZACIONES DOS MEMBROS DA CORPORACION.

Pola Presidencia dase conta da seguinte proposta de percepci3ns económicas e indemnizacions dos membros da Corporación:

"En cumprimento das disposicións contidas no **Artigo 13** do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais (no sucesivo, **ROF**); **PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO** de determinación de percepci3ns económicas dos membros da Corporación:

PRIMEIRO: Establecer a favor dos membros da Corporación o seguinte réxime de indemnizaci3ns por asistencia a sesi3ns de 3rganos colexiados:

Por asistencia a **Plenos** da Corporaci3n: 70,00 euros.

Por asistencia a **Xunta** de Goberno: 70,00 euros.

Por asistencia a **Comisi3ns** informativas: 70,00 euros.

Por asistencia a reuni3n de **voceiros**: 70,00 euros.

Por asistencia a **mesas** de conrataci3n: 70,00 euros.

Por asistencia a **outros 3rganos** de representaci3n: 70,00 euros.

Ao ter en consideraci3n a especial adicaci3n e esforzo que require a preparaci3n dos asuntos incluídos na orde do día das sesi3ns, consid3rase xustificado que a **persoa que ostente a presidencia dos anteriores 3rganos colexiados municipais** perciba a cantidade de **170,00 euros** por asistencia a sesi3n.

SEGUNDO: Na súa consecuencia **modificar a Base 20ª das de execuci3n** do vixente orzamento municipal, de acordo có recollido neste acordo.

Sometido o asunto a votaci3n, o Pleno por **unanimidade** dos sete membros que legalmente





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

oforman (5 PSdeG-PSOE e 2 PP), **ACORDA:**

PRIMEIRO: Establecer a favor dos membros da Corporación o seguinte réxime de **indemnizacións por asistencia a sesións de órganos colexiados:**

Por asistencia a **Plenos** da Corporación: 70,00 euros.

Por asistencia a **Xunta** de Goberno: 70,00 euros.

Por asistencia a **Comisións** informativas: 70,00 euros.

Por asistencia a reunión de **voceiros**: 70,00 euros.

Por asistencia a **mesas** de contratación: 70,00 euros.

Por asistencia a **outros órganos** de representación: 70,00 euros.

Ao ter en consideración a especial adicación e esforzo que require a preparación dos asuntos incluídos na orde do día das sesións, considérase xustificado que a **persoa que ostente a presidencia dos anteriores órganos colexiados municipais** perciba a cantidade de **170,00 euros** por asistencia a sesión.

SEGUNDO: Na súa consecuencia **modificar a Base 20ª das de execución** do vixente orzamento municipal, de acordo có recollido neste acordo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

